

# PLAN DIXITAL

## IES Plurilingüe Castro da Uz

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
  - 1.1. Datos básicos do centro
  - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
  - 1.3. Breve xustificación do mesmo
  - 1.4. Proceso de elaboración
  
2. **Situación de partida**
  - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
  - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
  - 2.3. Análise DAFO
  
3. **Plan de Acción**
  - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
  - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
  
4. **Avaliación do PD**
  - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
  - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
  
5. **Difusión do PD**

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro educativo: IES Plurilingüe Castro da Uz
- Dirección: Rúa José María Penabad López, S/N. As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)
- Correo electrónico: [ies.castrodauz@edu.xunta.gal](mailto:ies.castrodauz@edu.xunta.gal)
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/>
- A oferta educativa do centro inclúe varias etapas educativas:
  - Educación Secundaria Obligatoria (ESO)
  - Educación Secundaria para persoas Adultas (ESA)
  - Ciclos Formativos de grao Básico, Medio e Superior.
- No curso 2021/2022 o centro conta cun total de 38 docentes e 237 alumnos e alumnas

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Plurilingüe Castro da Uz é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, que foi inaugurado no curso 1980-1981, e no que actualmente se imparten ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Educación Secundaria para persoas Adultas (ESA) e Ciclos Formativos de grao básico, medio e superior.

No curso 2021-2022 conta con 16 unidades que suman un total de 225 alumnos e alumnas. A maioría do alumnado de ESO procede do centro adscrito CEIP Plurilingüe A Fraga, aínda que nos últimos anos estase recibindo alumando de todos os centros de primaria da vila. Nos ciclos formativos o alumando procede de diversos centros da comarca. Todo o alumnado procede de familias de clase socioeconómica media e medio-baixa.

O centro ten unha ampla traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías. Así, dende fai anos fíxose unha forte aposta polo uso das TIC en todas as dependencias do centro. Contamos con equipos informáticos en todas as aulas, antes que outros centros. Montáronse pantallas interactivas na maioría das aulas, e neste curso 2021-2022 apostamos pola substitución das pantallas interactivas por monitores dixitais interactivos.

Tamén apostamos sempre por participar en programas de innovación os cales gardan unha estreita relación co Plan Dixital, entre eles podemos destacar:

- E-Dixgal
- Arco e Proa+
- Contratos-programa (CPIInclúe, CPIInnova)
- Proxectos europeos de mobilidade de profesorado KA1 e KA2
- Programa Atrétete de fomento do emprendemento
- Plan Proxecta+
- Aula de emprendemento na FP

En relación á Programación Xeral Anual citamos dous dos obxectivos que marcamos ao inicio de curso e que o Plan Dixital pode axudar á súa consecución:

- Impulsar a incorporación do noso centro en calquera novo plan que convoque a Consellería, buscando situarnos en todo momento á vangarda do noso sistema educativo. Sen esquecermos obviamente, de consolidar a nosa participación nos distintos plans nos que xa vimos tomando parte (Proxecto plurilingüe, Contratos-Programa, Plan Proxecta, Edixgal, ...)
- Impulsar a páxina web do centro e AbalarMobil como vías de comunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O obxectivo da elaboración do Plan Dixital do centro é o de dar resposta ás necesidades de dixitalización do proceso de ensino-aprendizaxe nos centros educativos xurdidas nos últimos anos, que se recollen na seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### 1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital do Centro desenvólvese en dúas fases diferenciadas, unha primeira de elaboración do mesmo, durante o curso 2021/2022 e outra a implantación e avaliación durante o curso ou cursos posteriores.

A **elaboración** do Plan Dixital comeza por unha análise da **situación de partida** da infraestrutura e servizos dixitais cos que conta o centro, así como a competencia dixital de alumnado e profesorado. Para enriquecer esta análise, realízanse cuestionarios a alumnado e profesorado empregando *SELFIE* e o *Test de Competencia Dixital Docente (TCDD)*.

Cos datos obtidos, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital realiza unha **análise DAFO** onde recolle os aspectos máis salientables. Esta análise DAFO está detallada no punto 2.3 deste documento.

A partires das Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades descritas, identifícanse unha serie de obxectivos a acadar nos vindeiros cursos, e as accións que se deben levar a cabo para conseguir ditos obxectivos. Todo isto detállase no **Plan de Acción** descrito no apartado 3.

Xunto con ditos obxectivos establécense os indicadores a que determinan a consecución dos mesmos, así como as datas en que deben ser cumpridos, o que facilita a **implantación** e **seguemento** do Plan nos vindeiros cursos. Dito seguemento realizarase segundo as condicións descritas no apartado 4.1. deste documento.

## 2. Situación de partida

Neste apartado describíense os datos obtidos da análise da situación de partida do centro, profesorado e alumnado.

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta coa seguinte **Infraestrutura dixital**:

- **Acceso a Internet:** o centro educativo dispón de acceso de banda ampla a Internet. Tanto o servizo de acceso, coma os equipos de conexión e seguridade (Gateway, Firewall, etc.) son xestionados integramente polos correspondentes servizos da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades. O equipamento atópase centralizado nun armario situado no Recinto de infraestruturas comúns de telecomunicación situado na planta baixa do edificio principal do centro.

Acceso a Internet	
Medio de transmisión	Fibra
Velocidade de transmisión (subida/baixada)	1 Gbps / 1 Gbps

- **Redes locais:** O centro dispón de infraestrutura que permite o despregamento dunha rede cableada (Ethernet) e dunha rede sen fíos (Wi-Fi). A combinación de ambas tecnoloxías proporciona cobertura de datos en todo o centro. Ámbalas dúas redes son xestionadas integramente polos correspondentes servizos da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades.

O armario principal de distribución das redes locais, no que se centraliza a súa interconexión a Internet, atópase no Recinto de infraestruturas comúns de telecomunicación situado na planta baixa do edificio principal do centro.

Todas as estancias e aulas do centro dispoñen de puntos de acceso á rede local cableada e cobertura da rede sen fíos.

O departamento de informática dispón dunha rede local cableada propia (Ethernet) interconectada á rede local cableada do centro. A súa infraestrutura e equipamento son xestionados polo profesorado do departamento. Esta rede emprégase para interconectar distintos recursos didácticos empregados no departamento: servidores, equipamento de aulas e talleres, etc.

En canto ao **equipamento informático**, o centro conta coa seguinte dotación, desglosada por área departamental:

– **Dirección e administración**

		Ordenadores	Impresoras	Proxectores
Administración	Administración	3 sobremesa	1 multifunción <sup>(1)</sup>	0
	Conserxería	1 sobremesa 1 portátil	2 multifunción <sup>(2)</sup>	0
	Vestíbulo	1 sobremesa (para as matrículas)	0	1 (proxecta o que se ve no portátil de conserxería)

Equipo Directivo	Dirección	1 sobremesa 1 portátil	1	0
	Vicedirección	1 sobremesa	1	0
	Xefatura de Estudos	1 sobremesa	1	0
	Secretaría	1 sobremesa	1	0

<sup>(1)</sup> Accesible dende todos os equipos de administración e equipo directivo

<sup>(2)</sup> Unha delas accesible dende todos os equipos de secretaría, administración e equipo directivo

- Salas de profesorado

O centro conta con dúas salas do profesorado, unha na planta baixa do edificio, e outra na primeira planta, co seguinte equipamento:

	Ordenadores	Impresoras	Pizarras dixitais	Proxectores
Planta Baixa	4 portátiles	1 (en rede con todos os equipos da sala)	0	0
Primeira Planta	6 sobremesa	1	1	1

- Biblioteca

- 4 ordenadores de sobremesa para o uso por parte do alumnado
- 1 portátil para a xestión da biblioteca (empréstitos e devolucions, ...)
- 2 impresoras para a xestión da biblioteca
- 1 monitor multimedia de 70"
- 1 portátil conectado ao monitor multimedia para facer exposicións, charlas, clases, ...

- Salas de departamentos

	Equipos de sobremesa	Impresoras	Proxectores
Informática	5	1	0
Administrativo	2	0	0
Soldadura	1	1	0
Automoción	2	1	0
Orientación educativa	1	1	2

- **Aulas**

- Aulas de ESO: todas as aulas da ESO contan con:
  - 1 ordenador (sobremesa ou portátil) para o profesorado
  - 1 pizarra dixital ou monitor interactivo
  - 1 impresora
  - 1 proxector

A maiores, todo o alumnado que durante o curso 2021/2022 cursa 1º da ESO conta cun portátil **E-Dixgal**. Durante o curso 2022/2023 disporán dun ordenador para cada un tanto en 1º como en 2º da ESO.

- Aulas-materia e laboratorios: ademáis das aulas de cada curso da ESO, o centro conta con aulas propias de determinadas materias, así como laboratorios, que contan co seguinte equipamento:

	Ordenadores	Impresoras	Pizarras dixitais	Proxectores
Aula música	1 portátil	0	0	1
Aula TIC	1 sobremesa profesorado 20 sobremesa alumnado	1	1	1
Aula tecnoloxía	1 portátil	1 impresora 3D	0	0
Aula de Artes Plásticas	1 sobremesa	1	1	1
Laboratorio de Ciencias Naturais	2 sobremesa	0	1	1
Laboratorio de Física e Química	1 sobremesa	1	1	1

- Aulas de Ciclos Formativos: todas as aulas de Ciclos Formativos contan con:
  - 1 pizarra dixital (ou monitor interactivo, no caso das aulas de Soldadura e Automoción)
  - 1 proxector
  - 1 equipo de sobremesa para o profesorado
  - 1 impresora para o profesorado

A maiores, todo o alumnado de Ciclos Formativos dispón no seu posto dun ordenador de sobremesa para o traballo individual



No curso 2021/2022, o equipamento por familia de ciclos formativos é o seguinte:

	Equipos de sobremesa	Impresoras	Pizarras dixitais	Proxectores
Informática	48	5	3	1
Administrativo	14	1	1	1
Soldadura	29	1	1	2
Electrónica	13	1	1	2
Automoción	18	3	0	3

Co fin de facilitar a xestión da labor docente, dende o centro faise uso dos seguintes **servizos dixitais educativos**:

- Servizos dixitais **corporativos**:
  - Páxina web no dominio da xunta (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/>)
  - Aula virtual (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/aulavirtual/>)
  - E-Dixgal
  - Espazo Abalar e Abalar móbil
  - Todas as aplicacións da Consellería de Educación (correo electrónico, xade, fprofe, ...)
- Servizos dixitais **non corporativos**:
  - Xestión de mantemento do equipamento do centro:
    - Trello
  - Blogs:
    - Clube de lectura (<http://argalladas.blogspot.com/>)
    - Igualdade (<https://igualdade-castrodauz.blogspot.com/>)
    - Matemáticuz (<https://matematicuz.blogspot.com/>)
    - Aliméntate ben (<https://alimentateben-castrodauz.blogspot.com.es>)
  - Redes sociais:
    - Facebook (<https://www.facebook.com/iescastrodauz>)
    - Instagram (<https://www.instagram.com/castrodauz/>)
    - Canle de Youtube (<https://www.youtube.com/user/iescastrodauz/videos>)

A **xestión do mantemento do equipamento do centro** está centralizada no departamento de Informática. O profesorado rexistra as súas peticións nun libro en papel dispoñible na sala de profesores da plana baixa, que consulta periódicamente o profesorado de Mantemento de Ordenadores do Centro (MOC) do departamento de Informática, para dar traslado de ditas peticións á aplicación Trello, dende a cal se realiza o seguimento e resolución das tarefas por parte de calquera membro do equipo.

O centro non conta con **protocolos de continxencia** relacionados coas TIC, só recomendacións de copias de seguridade a nivel individual tanto do material de traballo como dos cursos da aula virtual.

O departamento de Informática é o único que ten establecido un control de acceso (usuarios, grupos, permisos, ...) e de respaldo ante posibles perdas de datos, cuxa documentación se pode consultar dende a rede interna do departamento de informática en <http://172.16.0.10/castrodauz/index.html>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Por outra banda, realízanse cuestionarios a profesorado e alumnado que permitan extraer información para determinar as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades que se empregarán para definir os obxectivos a seguir nos vindeiros cursos.

En primeiro lugar, realízase a profesorado e alumnado os cuestionarios de **autoavaliación SELFIE**, dos que se obtén información relevante en 8 áreas diferentes. Detállase a continuación un resumo da puntuación obtida en cada área do informe SELFIE para cada un dos niveis educativos, nunha escala de 1 a 5:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.		3.7		3.5	
	Profesorado		3.5		3.4	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3.5		3.7	
	Profesorado		3.3		3.2	
	Alumnado		2.9		3.4	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3.9		3.9	
	Profesorado		3.6		3.7	
	Alumnado		3.5		3.6	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4.2		4.2	
	Profesorado		3.9		3.7	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4		4.5	
	Profesorado		4.2		4	
	Alumnado		4.2		3.9	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.6		3.5	
	Profesorado		3.8		3.6	
	Alumnado		3.4		3.8	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3.2		3.3	
	Profesorado		3		3.4	
	Alumnado		3		3.6	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3.9		3.8	
	Profesorado		3.5		3.6	
	Alumnado		3.2		3.8	

Para coñecer o nivel de competencia dixital do profesorado, o equipo docente realiza tamén o **Test de Competencia Dixital Docente (TCDD)**, cunha participación do 64%. Amósase na seguinte táboa o desglose de dita participación en función do perfil do profesorado:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	11	18	61,1%
<b>PROVISIONAL</b>	6	9	66.7%
<b>INTERINO</b>	8	10	80%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	6	33,3%
<b>DESPRAZADO</b>	1	1	100%

En base ao respondido no test, o profesorado obtén unha puntuación media do test algo superior á media de Galicia, que se corresponde cun nivel de competencia B1, tal e como se pode ver na táboa seguinte:

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
94,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Non se detectan diferencias dignificativas entre o profesorado dos distintos niveis educativos do centro, tal e como se pode observar na seguinte táboa:

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>CF</b>	93,6	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
<b>ESO</b>	91,7	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>ESA</b>	95,7	Integrador/a (B1)	75,9	Integrador/a (B1)

Tal e como se amosa no seguinte cadro de Distribución do profesorado por nivel de competencia, o 50% do profesorado acadou un nivel de competencia B2 ou superior:

#### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	3,6%
<b>A2</b>	5	17,9%
<b>B1</b>	8	28,6%
<b>B2</b>	11	39,3%
<b>C1</b>	3	10,7%
<b>C2</b>	0	0%
<b>TOTAL</b>	28	100%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e a información recollida por parte do equipo de dinamización do plan dixital, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1. O centro conta con infraestrutura axeitada, fiable e segura que permite e facilita o emprego de prácticas innovadoras de ensinanza, aprendizaxe e avaliación</p> <p>C2. O centro conta con dispositivos axeitados para a ensinanza</p> <p>C3. Tanto equipo directivo, como profesorado, como alumnado, valora positivamente o acceso a internet do que se dispón no centro educativo</p> <p>C5. A valoración sobre a asistencia técnica da que dispón o centro para solventar os problemas que poidan xurdir é favorable</p>	
	PERSONAL DOCENTE	<p>A3. O persoal docente coñece e emprega novas modalidades de ensinanza, especialmente en ciclos formativos</p> <p>A5. O persoal docente é coñecedor das normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso</p> <p>B2. O persoal docente fomenta o debate sobre o uso da tecnoloxía</p> <p>B3. O persoal docente de ciclos formativos realiza colaboracións con outras entidades co fin de compartir experiencias e aprender de maneira efectiva dentro e fora da organización</p> <p>D2. O persoal docente participa en programas de desenvolvemento profesional continuo</p> <p>D3. O persoal docente intercambia experiencias con outros docentes</p> <p>E1. O persoal docente emprega amplamente recursos educativos en liña para a ensinanza-aprendizaxe na aula</p> <p>E2. O persoal docente crea os seus propios recursos dixitais para mellorar a labor docente</p> <p>E3. O persoal docente emprega en gran medida entornos virtuais de aprendizaxe, e os alumnos destacan o seu uso</p> <p>E4. O centro emprega en gran medida medios dixitais para a comunicación coa comunidade educativa</p> <p>E5. O persoal docente fai uso xeralizado de recursos educativos abertos</p> <p>F1. Tanto persoal docente como alumnado coinciden en que no centro se realizan as adaptacións necesarias para garantir a atención ás distintas necesidades dos alumnos</p> <p>G5. O alumnado de ciclos formativos valora positivamente a autorreflexión do equipo docente sobre a aprendizaxe</p>	<p>A4. O equipo docente coincide na escasez de tempo para explorar a ensinanza dixital, o que repercute negativamente no aproveitamento dos medios dixitais na aula</p> <p>B2. A percepción do alumnado da ESO respecto ao debate sobre o uso da tecnoloxía é moi inferior á que ten o equipo docente</p> <p>C10. O alumnado descoñece ou non valora a existencia de dispositivos no centro para ser empregados polo alumnado, unha percepción moi distinta á que amosa o equipo docente e o equipo directivo</p>
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>C17. O centro non conta cunha base de datos de provedores de formación, se ben o alumnado valora positivamente a información que sobre estes se lles proporciona</p> <p>H8. Tanto alumnado como profesorado valoran moi positivamente as habilidades do alumnado para comunicarse mediante o uso das tecnoloxías dixitais</p> <p>H10. O alumnado de ciclos formativos dispón de grandes habilidades dixitais para diferentes materias</p> <p>H15. O alumnado de ciclos formativos dispón de habilidades para a cualificación profesional</p> <p>O alumnado manifesta en gran medida ser autónomo no uso de software/aplicacións sen axuda</p> <p>A maioría do alumnado dispón de acceso a dispositivos fora do centro educativo</p>	<p>C10. O alumnado descoñece ou non valora a existencia de dispositivos no centro para ser empregados polo alumnado, unha percepción moi distinta á que amosa o equipo docente e o equipo directivo</p> <p>G6. Tanto alumnado como profesorado non valoran positivamente os comentarios a outros alumnos/as sobre o seu traballo</p> <p>H11. O alumnado da ESO non considera que estea a aprender a programar e codificar</p> <p>H13. Existen grandes discrepancias entre a valoración do alumnado da ESO da resolución de problemas técnicos, e a percepción que ten o profesorado e o equipo directivo</p> <p>O profesorado valora que a competencia dixital do alumnado é insuficiente</p> <p>O profesorado destaca a dificultade para implicar ao alumnado como factor negativo para a aprendizaxe mixta</p> <p>O alumnado de secundaria manifesta a distracción que supón o uso de dispositivos dixitais para estudar</p>
	FAMILIAS		<p>C13. Parte do alumnado non conta coa posibilidade de traer os seus propios dispositivos á aula</p> <p>O profesorado considera un factor de risco a baixa competencia dixital das familias, especialmente destacable nas familias de alumnado de ciclos formativos</p>
	OFERTA	<p>A3. No centro empréganse novas modalidades de ensinanza, especialmente en ciclos formativos</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A3. No centro empréganse novas modalidades de ensinanza, especialmente en ciclos formativos</p> <p>C16. Tanto alumnado como profesorado valoran positivamente o uso de bibliotecas/repositorios en liña</p> <p>F8. O alumnado de formación profesional valora moi positivamente o uso de tecnoloxías na orientación profesional</p> <p>G8. O alumnado de ciclos formativos valora moi positivamente a documentación da aprendizaxe que se realiza na aula</p> <p>O centro mantén comunicación regular e ben organizada</p>	<p>A4. A escasez de tempo para explorar a ensinanza dixital por parte do equipo docente, repercute negativamente no aproveitamento dos medios dixitais no centro</p> <p>B4. Existe unha gran diferenza na percepción do profesorado de ciclos formativos e do equipo directivo respecto ás sinxrias para a aprendizaxe mixta</p> <p>C13. Parte do alumnado non conta coa posibilidade de traer os seus propios dispositivos á aula</p> <p>A meirande parte do profesorado considera que o centro non conta cunha estratexia dixital, en contraposición á valoración do equipo directivo</p> <p>O equipo directivo e o profesorado de ciclos formativos considera que o centro educativo ten experiencia no uso de entornos de aprendizaxe mentres que o equipo docente de secundaria non</p>

		Só unha pequena porcentaxe de alumnado pide axuda aos docentes (frente a búsqueda en internet, na casa, ...)	
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C1. O centro conta con infraestrutura axeitada, fiable e segura que permite e facilita o emprego de prácticas innovadoras de ensinanza, aprendizaxe e avaliación C2. O centro conta con dispositivos axeitados para a ensinanza C3. Tanto equipo directivo, como profesorado, como alumnado, valora positivamente o acceso a internet do que se dispón no centro educativo C5. A valoración sobre a asistencia técnica da que dispón o centro para solventar os problemas que poidan xurdir é favorable	
	LEXISLACIÓN	A5. O equipo docente ten amplo coñecemento sobre as normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso	B4. O profesorado de ciclos formativos considera que o centro non promove a búsqueda de sinerxias para o aprendizaxe mixto
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	B3. Dende os ciclos formativos realízanse colaboracións con outras entidades co fin de compartir experiencias e aprender de maneira efectiva dentro e fora da organización C1. O centro conta con infraestrutura axeitada, fiable e segura que permite e facilita o emprego de prácticas innovadoras de ensinanza, aprendizaxe e avaliación	B4. Existe unha gran diferenza na percepción do profesorado de ciclos formativos e do equipo directivo respecto ás sinerxias para a aprendizaxe mixta C17. O centro non conta cunha base de datos de provedores de formación, se ben o alumnado valora positivamente a información que sobre estes se lles proporciona

### 3. Plan de Acción

Coa análise DAFO realizada, o seguinte paso para a realización do Plan Dixital é o deseño do Plan de Acción, no que se definen unha serie de obxectivos orientados á mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, a sabendas de que o catálogo dos mesmos está en continua evolución.

Cabe destacar que o Plan de Acción se define tendo en conta os recursos materiais e humanos no momento da elaboración do mesmo, durante o curso 2021/2022.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do plan de acción, o equipo de dinamización do Plan Dixital do Centro estableceu as áreas prioritarias sobre as que determinar os obxectivos a conseguir, dentro das 8 áreas definidas no SELFIE. En base a isto, definíronse 6 **obxectivos**, que se reparten nas seguintes áreas:

	Obxectivos
<i>A- Liderado</i>	
<i>B- Colaboración e redes</i>	1
<i>C- Infraestruturas e Equipos</i>	3
<i>D- Desenvolvemento profesional continuo</i>	1
<i>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</i>	
<i>F- Pedagogía: Implementación na aula</i>	
<i>G- Prácticas de avaliación</i>	
<i>H- Competencias dixitais do alumnado</i>	1

Para a conxecución de cada obxectivo, deséñanse unha ou varias **accións**, nas que se detallan:

- Os recursos necesarios
- A persoa ou persoas responsables da realización de dita tarefa
- Os indicadores de logro

- Os instrumentos que se empregarán para medir ditos logros
- A temporalización de ditas tarefas

Tanto obxectivos como accións se concretan nas táboas das páxinas 10 a 16, e á súa vez ditas táboas servirán para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro conta cunha boa infraestrutura tecnolóxica, así como equipamento e servizos dixitais educativos, tal e como se reflexa nos resultados do SELFIE e na análise de equipamento e infraestrutura detallada no punto 2.1. deste documento, máis co fin de potenciar aínda máis a dixitalización no centro nos vindeiros cursos, plantéxanse as seguintes necesidades ou posibilidades de mellora:

- Instalación, na medida do posible, de monitores dixitais interactivos nas aulas dos Ciclos Formativos que aínda non dispoñen deles.
- Valoración da posibilidade de incorporación á rede Agueiro como rede social educativa do centro e como sistema de portfolios dixital

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: B – Colaboración e redes						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Estandarización dos recursos dixitais				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do Plan Dixital do centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% de materias que empregan documentos estandarizados de profesorado % de materias que empregan documentos estandarizados de alumnado % de cursos da aula virtual que empregan o estándar definido					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 (Non hai estandarización)					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	80% de materias empregan documentos estandarizados de profesorado		30/06/2023			
	80% de materias empregan documentos estandarizados de alumnado		30/06/2023			
	60% de materias definen a aula virtual empregando o estándar definido		30/06/2024			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Definir estándares da documentación do profesorado	Persoal de Mantemento de Ordenadores do Centro	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Empregar documentos estandarizados por parte do profesorado	Profesorado do centro	30/06/2023	- Plantilla de documento estándar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Definir estándares da documentación do alumnado	Persoal de Mantemento de Ordenadores do Centro	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.4: Empregar documentos estandarizados por parte do alumnado	Profesorado do centro	30/06/2023	- Plantilla de documento estándar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Definir estándar na estrutura dos cursos da Aula Virtual	CCP Persoal de Mantemento de Ordenadores do Centro	31/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Estructurar os cursos da aula virtual en base aos estándares	Profesorado do centro	30/06/2024	- Documento co estándar definido para a estrutura dos cursos da aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



Área/s de mellora: C – Infraestructuras e equipos						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Optimizar o uso de infraestructuras e equipos TIC do centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do Plan Dixital do Centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% de material inventariado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	50% de material inventariable non está actualizado					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	90% de material inventariado			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Actualizar inventario do equipamento informático do centro	Xefes de departamento Secretaria	30/06/2023	-Ferramenta para xestión de inventario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C – Infraestructuras e equipos						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Optimizar a xestión do traballo do alumnado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do Plan Dixital do Centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Nº de aulas con eoptes instalado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 (non está instalado en ningún equipo)					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	8 aulas con EPOPTES instalado			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A3.1. Instalación e configuración da ferramenta EPOPTES	Personal de Mantemento de Ordenadores do Centro	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C – Infraestructuras e equipos						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Dixitalización da xestión de incidencias				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do Plan Dixital do Centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% de dixitalización da xestión de incidencias					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% (non está dixitalizado)					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% das incidencias rexistradas dixitalmente			31/10/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Definir procedemento para a xestión de incidencias	Persoal de Mantemento de Ordenadores do Centro	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Empregar ferramenta dixital para a xestión de incidencias e mantemento de equipamentos do centro	Persoal de Mantemento de Ordenadores do Centro Profesorado	30/06/2023	-Ferramenta para a xestión de incidencias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: D – Desarrollo profesional continuo						
<b>OBXECTIVO 5: (1)</b>	Mellorar a competencia dixital do profesorado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do Plan Dixital do Centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de guías elaboradas					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	3 guías elaboradas, unha para cada unha das accións definidas			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Elaborar guía de utilidades e ferramentas para a dixitalización da labor docente	Grupo de traballo	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Elaborar guía de boas prácticas en xestión de contido multimedia e licenzas de uso.	Grupo de traballo	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Elaborar guía de boas prácticas na búsqueda de recursos de calidade na rede	Grupo de traballo	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H – Competencias dixitais do alumnado						
<b>OBXECTIVO 6: (1)</b>	Mellorar a competencia dixital do alumnado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador do Plan Dixital do Centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Puntuación no cuestionario de coñecementos tecnolóxicos e da rede					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Non coñecido, será o do cuestionario inicial (previo ás charlas)					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	5 sobre 10 de media do alumnado			23/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Elaborar guía de utilidades de dixitalización do traballo do alumnado	Grupo de traballo	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Organizar charla do correcto uso das tecnoloxías	Orientadora	23/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Organizar charla do correcto uso da información na rede	Orientadora	23/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Axuda para completar as táboas:

**(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓN A DESENVOLVER:**

- (5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

#### 4. Avaliación do plan

Para o seguimento do desenvolvemento do plan de acción e da consecución dos obxectivos, defínense o seguinte procedemento de avaliación:

- Realizarase unha **avaliación procesual á finalización de cada trimestre**, onde se valorará o estado da execución das acción e se fará unha análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, das posibles modificación das acción e as propostas de mellora.
- Ademáis, farase unha **avaliación final a final de curso**, onde se valorará o logro dos obxectivos propostos para ese curso escolar, así como as propostas de mellora para vindeiros cursos.

#### 5. Difusión do plan

Por último, cómpre definir unha estratexia ou protocolo para a publicidade e difusión do Plan Dixital entre toda a comunidade educativa, co fin de que éste sexa coñecido por todo o equipo docente. Para dito fin, crearase un curso na Aula Virtual do Centro, onde se colgará o documento do Plan Dixital, xunto con outro material derivado da execución do mesmo nos vindeiros cursos (plantillas de documentos, manuais, ...).

Ademáis, o documento do Plan Dixital, así como a estratexia a seguir para ese curso académico, será presentado no Claustro de inicio de curso por parte do Equipo Directivo para coñecemento de todo o profesorado.